

Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo. Convocatoria 2026-27

Órgano emisor: Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

DATA: 17/04/2026

As ordes do 14 de novembro de 2025 e do 9 de marzo de 2026 (DOG nº 228, do 25 de novembro de 2025 e DOG nº 58, do 27 de marzo de 2026) establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego e para programas formación-emprego talento mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, respectivamente, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 na Comunidade Autónoma de Galicia.

As ditas ordes regulan dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante nos obradoiros duais de emprego e nos programas de emprego para persoas mozas, pero cómpre ditar unhas directrices máis concretas, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento.

A selección será realizada pola entidade promotora, tal e como se menciona en ambas ordes, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado dos obradoiros duais e programas de formación-emprego, e que van a participar nos proxectos aprobados pola Comisión Central de Valoración. Compre que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

Estas instrucións elabóranse en base ao disposto no Real Decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego, no Real Decreto 659/2023, de 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional e demais normativa vixente.

Como novidade para estas convocatorias, empregárase o aplicativo FORMAN para a xestión de todos os proxectos. Este aplicativo é unha ferramenta pensada para que todas as partes implicadas poidan subir documentación e mecanizar datos relativos aos dous procedementos.

Polo exposto, e no uso das facultades que ten atribuídas esta dirección xeral nas disposicións primeira e segunda, das respectivas ordes de convocatoria, dítanse as seguintes instrucións:

**DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela

Xacobeo 2027



NORMAS XERAIS

1.-Ámbito de aplicación

Estas instrucións serán de aplicación aos procedementos de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como ao do alumnado-traballador dos obradoiros duais e programas de formación-emprego talento mozo, participantes nos proxectos aprobados polas correspondentes Comisións Centrais de Valoración.

2. -Normas xerais de selección

A selección do alumnado-traballador, así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante no proxecto que se vai a poñer en funcionamento, será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

Nos criterios de selección de todo o persoal e alumnado-traballador procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade destas. Estes criterios deberán incluírse, no seu caso, nas bases reguladoras que aprobará a entidade promotora, que deberán respectar os requisitos e criterios de selección establecidos na orde de convocatoria e nestas instrucións.

As bases reguladoras do proceso de selección do persoal e alumnado traballador aprobadas polas entidades promotoras deberán ser remitidas ao departamento territorial correspondente e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web da entidade promotora e, no seu caso, dos concellos asociados do programa ou obradoiro de emprego. No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da que tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán na oficina de emprego correspondente.

Asemade, os programas de formación-emprego e os obradoiros duais de emprego concedidos serán publicados de xeito informativo no Portal de Emprego de Galicia (emprego.xunta.gal), no que se indicarán os seguintes datos: a provincia; a entidade promotora; no seu caso, os concellos asociados; o nome do proxecto; os certificados profesionais que se imparten e o seu nivel.

Rematado o procedemento de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes, persoal directivo, docente e administrativo de apoio.

Toda esta documentación deberá poñerse a disposición do respectivo departamento territorial a través do aplicativo FORMAN. No lugar dunha relación de persoas seleccionadas, a entidade promotora deberá cubrir os datos indicados no citado aplicativo, tanto para o alumnado como para o resto de persoal seleccionado.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela

Xacobeo  2027



3.-Principios de actuación da entidade promotora no proceso de selección

A entidade promotora, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación. Así mesmo, as ditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos na orde de convocatoria e nestas instrucións. A entidade promotora deberá establecer as normas de constitución e funcionamento do órgano de selección correspondente.

A entidade promotora atendendo ás características do proxecto formativo que se vai poñer en funcionamento e logo das actuacións que estime oportunas, establecerá o sistema, requisitos, baremos e, se é o caso, probas que se aplicarán tanto na selección do persoal directivo, técnico, docente e de apoio como na do alumnado-traballador, mediante, no seu caso, a aprobación das correspondentes bases reguladoras.

As porcentaxes que se apliquen ás distintas fases de cada un dos procesos selectivos, deberán quedar establecidas con ocasión da aprobación das bases reguladoras dos citados procesos. As ditas porcentaxes poden variar dependendo do tipo de persoal que se vaia a seleccionar e do proxecto de que se trate.

Nos procesos de selección do alumnado-traballador e do resto de persoal nos programas de formación-emprego e obradoiros duais de emprego nos que se realice un dobre procedemento de valoración, obxectivo e subxectivo, deberán facerse de forma independente, valorando primeiro os aspectos subxectivos e con posterioridade, e despois de facelos públicos, realizarase a valoración obxectiva.

SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR NOS PROGRAMAS DE FORMACIÓN-EMPREGO TALENTO MOZO E OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO

4.-Selección do alumnado-traballador.

Na selección do alumnado-traballador utilizarase na aplicación SICAS a oferta de emprego tipo T debendo seguir a entidade promotora o procedemento e cumprir os requisitos e criterios de preferencia de selección establecidos nas bases previamente aprobadas de conformidade co disposto no apartado tres.

A sondaxe terá en conta aquelas persoas que teñan solicitado algúns dos seguintes servizos:

320: Escola taller programas

330:Casa de Oficio

340:Taller de emprego

370: Outros programas de formación de emprego formación dual



As ofertas tipo T preseleccionarán a demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 "suspensión específica programas experimentais de emprego".

A oferta, que será presentada coa suficiente antelación para a súa tramitación, poderá realizarse:

- a) a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, procedemento PR004A. Neste caso dirixirá a solicitude ao departamento territorial correspondente á súa provincia, especificando no asunto o motivo da dita solicitude (oferta de emprego_programas de emprego para persoas mozas ou obradoiros duais, segundo o caso) e a oficina de destino, á que a dirección reenviará a documentación a través do Rexel.
- b) a través do correo electrónico

Con carácter previo, ou no mesmo momento no que se envíe a oferta á oficina de emprego, a entidade promotora remitirá á propia oficina e poñerá a disposición do departamento territorial competente, a través do aplicativo FORMAN, as bases reguladoras do proceso de selección.

Na oferta de emprego farase constar:

- A data na que deberá ser cursada.
- A data a partir da que será realizada a sondaxe.
- A data na que se realizará a selección
- O ámbito territorial ao que se vai circunscribir a sondaxe, figurando en primeiro lugar o concello ou concellos nos que se localicen as actuacións do programa de formación-emprego ou obradoiro dual de emprego, e aquel ou aqueles aos que poida ser ampliado de non atoparse un número mínimo de persoas candidatas, tendo en conta a proximidade xeográfica
- Os CNO e os códigos correspondentes ás especialidades formativas, os niveis profesionais e académicos e, no caso dos programas de formación e emprego, a idade.
- As posibles causas de exclusión do procedemento de selección. En todo caso, serán excluídas as persoas non ocupadas que non reúnan os requisitos esixibles para poder asinar un contrato formación en alternancia.
- En relación co número de persoas candidatas a remitir, debe respectarse na medida do posible que como mínimo sexan tres persoas candidatas por posto.
- Aquelas outras circunstancias que cada entidade promotora estime oportunas para un mellor desenvolvemento da sondaxe á vista das peculiaridades do proxecto formativo.

Con carácter xeral, as ofertas de emprego tipo T non serán obxecto de difusión no Portal de Emprego de Galicia salvo casos excepcionais e cando se considere imprescindible para poder cubrir as prazas ofertadas, previa autorización do respectivo departamento territorial.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela

Xacobeo  2027



Na oferta de emprego que se tramite, terán preferencia as persoas que solicitaran este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, priorizarase a aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral. Neste último caso, as entidades promotoras deberán solicitar á oficina de emprego un informe no que se indiquen as persoas candidatas propostas que se atopan nesta circunstancia.

En ningún caso poderán participar as persoas que xa tiveran cursado o mesmo certificado profesional, con independencia de que o resultado fora de superado ou non superado.

No caso dos **obradoiros duais de emprego**, a sondaxe non debe incluír a persoas que xa participaran en tres obradoiros/programas de formación-emprego con anterioridade a esta convocatoria, agás cando se trate de participación en obradoiros para cursar especialidades formativas correspondentes ás familias profesionais agraria relacionados con algún dos seguintes ámbitos: aproveitamentos forestais, xestións de repoboacións forestais e tratamentos silvícolas, xestión de aproveitamentos forestais, repoboacións forestais e tratamentos silvícolas, actividades auxiliares en aproveitamentos forestais, actividades auxiliares en conservación e mellora de montes, actividades auxiliares en gandería e calquera outro ámbito dentro desa familia que poida estar relacionado; e tamén certificados profesionais da familia profesional de seguridade e medio ambiente relacionados coa vixilancia e extinción de incendios forestais ou coa construción, instalación e mantemento de infraestruturas de prevención e extinción dos ditos incendios.

Así mesmo, terán prioridade en todo caso as persoas candidatas que non participaran nun obradoiro/programa de formación emprego nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores. E, de ser o caso, indicar aqueles candidatos que tiveran participado nestas convocatorias a efectos de realizar o baremo de selección. As persoas candidatas que non participaran nas últimas cinco convocatorias deben obter unha puntuación no baremo empregado pola entidade promotora de ao menos un 25% sobre a puntuación desta fase do proceso selectivo.

Realizada a preselección de candidaturas polas oficinas de emprego, a entidade promotora comunicará ás persoas candidatas a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos. No caso de que se contemple nas bases a realización dunha entrevista persoal, deberá comunicárselle ás persoas candidatas o lugar, data e hora na que esta terá lugar.

Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas. As persoas alumnas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa. As entidades locais non poderán exixir o pagamento de cantidades, por ningún concepto, ás persoas candidatas que se vaian seleccionar.

5.- Baremo e probas selectivas do alumnado-traballador

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela

Xacobeo  2027



No caso de estar contemplada nas bases a realización dunha entrevista persoal ou calquera outra valoración subxectiva, esta debe ser realizada antes de calquera procedemento que implique a aplicación de criterios obxectivos. A entrevista persoal ten como finalidade avaliar o interese do candidato en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo de que se trate.

Despois de rematada no seu caso a valoración subxectiva, deben facerse públicas as puntuacións no mesmo local onde tivo lugar a entrevista e na páxina web da entidade promotora.

Polo que respecta á parte correspondente ao procedemento de baremación de méritos obxectivos, cada entidade promotora establecerá nas bases un baremo obxectivo por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego.

En todo caso, na selección do alumnado-traballador, a entidade promotora deberá seguir o procedemento e cumprir os requisitos e criterios de preferencia de selección establecidos nas bases aprobadas, e conforme ao disposto nos apartados anteriores e nas correspondentes ordes.

Unha vez elaborada a listaxe de alumnos-traballadores propostos a entidade promotora deberá remitila á correspondente oficina de emprego. Xunto á listaxe deberá achegar a documentación acreditativa de que o alumnado traballador seleccionado cumpre cos requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos alumnos propostos non cumprira os ditos requisitos, a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

En todo caso será a entidade promotora a responsable de comprobar que o alumnado que seleccione mantén o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

En caso de producirse unha vacante a entidade promotora poderá propoñer como substituto ao alumno/traballador da listaxe de reserva que obtivera maior puntuación. Con carácter xeral, esta substitución so se poderá realizar durante os tres primeiros meses de execución do proxecto. A entidade debe comprobar que o candidato segue cumprindo os requisitos necesarios para participar no proxecto e valorar se a súa incorporación resulta conveniente no estado de execución da obra ou servizo. En todo caso, a entidade debe informar ao alumno/traballador das posibles consecuencias da súa tardía incorporación (por exemplo, a imposibilidade de obter o certificado profesional) e impartir a formación que resulte de obrigado cumprimento xa finalizada (por exemplo, a formación necesaria en materia de igualdade ou de prevención de riscos laborais).

IMPORTANTE:

A entidade promotora deberá remitir toda a documentación relativa ao proceso selectivo do alumnado traballador ao correspondente departamento territorial, a través do aplicativo FORMAN. Así mesmo, deberase cubrir, a través do dito aplicativo, os datos individualizados

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela

Xacobeo  2027



de cada un dos participantes seleccionados. Para que o proxecto sexa validado polo persoal técnico do departamento territorial, deberán estar mecanizados como mínimo os datos de 10 participantes cinco días antes da data de inicio.

SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO NOS PROGRAMAS DE FORMACIÓN-EMPREGO TALENTO MOZO E OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO

6.- Admisión de candidatos ao proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio.

Na admisión de persoas candidatas ao proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio poderase empregar a oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, a convocatoria pública, ou ambas.

Así mesmo, tal e como establece o artigo 34.2 do Real decreto 818/2021, que regula os programas comúns de activación para o emprego do SNE: "cando se propuxera pola entidade promotora, aprobarase a continuidade do persoal contratado anteriormente noutros proxectos xestionados por aquela, incluídos os que adquiriran a condición de fixos no cadro de persoal ou contratados indefinidos das entidades beneficiarias."

As entidades promotoras poderán imputar ao obradoiro dual ou ao programa de formación-emprego persoal propio da entidade beneficiaria que estea asignada ao proxecto, persoal contratado laboralmente ou persoal con nomeamento interino para o proxecto.

Polo que respecta ao persoal de apoio dos programa de formación-emprego talento mozo, os gastos salariais que implican, unicamente poderán ser imputados ao Módulo A, cando este persoal adique o 100% da súa xornada ao proxecto.

A determinación de cal será o sistema de admisión que se aplicará, queda a criterio de cada entidade promotora atendendo ás peculiaridades do proxecto formativo e de cada un dos postos de traballo a cubrir.

7.- Requisitos específicos que deben cumprir as persoas candidatas a docente.

Os candidatos e as candidatas a docentes, para seren validados, deben cumprir o disposto no **artigo 168 do Real decreto 659/2023**, tanto se a súa proposta procede dun proceso de selección como se se trata da continuidade de persoal contratado anteriormente. Este cumprimento implica que os docentes deben reunir **UN** dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión de título de grado universitario, licenciado ou licenciada, Enxeñeiro ou Enxeñeira e Arquitecto ou Arquitecta, ou titulación equivalente ou, no seu caso, a titulación de Formación Profesional que, a efectos de docencia, se determine, de acordo coa normativa que regule cada certificado profesional. En todo caso, esixirase que as titulacións citadas incorporen nos seus plans de estudo contidos vinculados cos resul-



tados de aprendizaxe da formación a impartir. Ademais, deben dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.

- Pertencer ás especialidades docentes habilitadas para impartir formación profesional no sistema educativo.
- Ter experiencia profesional de, ao menos, catro anos axustada aos estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir e dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.

Non será esixible como requisito imprescindible senón como mérito a experiencia profesional aos formadores e formadoras para impartir docencia nos certificados de profesionalidade regulados con anterioridade á entrada en vigor do RD 659/2023, cando contén coa acreditación ou titulación requirida que figura en cada un dos reais decretos polos que se establece cada Certificado de profesionalidade.

En todo caso, débese atender á normativa vixente referente a cada certificado profesional no momento da selección.

8.-Convocatoria pública.

Se a entidade promotora opta pola convocatoria pública, e despois de aprobadas as bases reguladoras de conformidade co establecido no apartado tres, procederá a facer pública a convocatoria mediante a exposición nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego correspondente así como nos taboleiros de anuncios e no portal de emprego da entidade promotora, podendo tamén publicitarse por medio da inserción dun anuncio nun dos diarios de maior circulación da provincia, e sen prexuízo de que se poidan utilizar outros medios que permitan unha maior difusión da citada convocatoria.

Calquera que sexa o medio empregado para publicitar a convocatoria, deberá ter o seguinte contido:

- Logotipos correspondentes que se axustarán ás instrucións relativas a publicidade facilitadas pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.
- Logotipo ou referencia á entidade promotora.
- Denominación do proxecto.
- Obxecto da convocatoria
- Denominación da praza ou prazas convocadas.
- Requisitos mínimos que deben cumprir as persoas interesadas.
- Características dos contratos a subscribir coas persoas seleccionadas.
- Forma, lugar e prazo de presentación de documentación
- Lugar e data de exposición das relacións provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela

Xacobeo  2027



- Lugar de exposición das bases reguladoras da convocatoria.
- Aquelas outras mencións que se estimen oportunas para unha mellor información as posibles persoas interesadas.

Todos os gastos derivados da divulgación da convocatoria serán aboados pola entidade promotora e admitidos como xustificables dentro dos gastos de funcionamento do proxecto.

Para ser admitido ao proceso selectivo, as persoas interesadas deberán presentar as súas solicitudes dirixidas á entidade promotora no rexistro xeral da citada entidade ou no lugar que se indique, xunto coa documentación que acredite que cumpre cos requisitos mínimos establecidos nas bases de convocatoria para poder acceder ao dito proceso, así como o resto de documentación necesaria para que os seus méritos sexan valorados.

No caso de que se contemple a celebración de entrevistas persoais ou calquera outra valoración subxectiva, tanto a súa realización como a publicación dos resultados das puntuacións, deberán ter lugar sempre con anterioridade á baremación dos méritos do persoal candidato.

9.-Oferta de emprego.

De optar a entidade promotora pola oferta de emprego, e despois de aprobadas as bases da convocatoria de conformidade co establecido no apartado tres, terá que remitila con suficiente antelación á oficina de emprego que corresponda por razón do concello ou concellos nos que estean localizadas as actuacións previstas no proxecto formativo e rexistrase como unha oferta de tipo A ordinario.

A presentación poderá realizarse:

- a) a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, procedemento PR004A. Neste caso dirixirá a solicitude ao departamento territorial correspondente á súa provincia, especificando no asunto o motivo da dita solicitude (oferta de emprego_obraoiros duais ou oferta de emprego_programas de formación-emprego para persoas mozas) e a oficina de destino, á que o departamento reenviará a documentación a través de Rexel.
- b) a través do correo electrónico

As ofertas de emprego serán elaboradas pola entidade promotora, tramitaranse na oficina de emprego e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia.

A difusión será polo prazo establecido pola entidade promotora, respectando en todo caso un prazo mínimo de 2 días.

Unha vez finalizado o período de difusión ordenaranse as candidaturas segundo o seu número de días de intermediación (tanto as recibidas por postulación coma as recibidas polas sondaxes da oficina de emprego) e seleccionaranse as candidaturas con maior número de días de intermediación, sempre que cumpran os requisitos da oferta, e enviarase o número que determinou a entidade promotora.



Na dita oferta de emprego farase constar:

- Data na que deberá ser cursada.
- Data a partir da que será realizada a sondaxe.
- Data na que se realizará a selección
- Ámbito territorial ao que se vai circunscribir a sondaxe, figurando en primeiro lugar o do concello ou concellos nos que se van a realizar as actuacións do obradoiro de emprego e aquel ou aqueles aos que será ampliado de non atoparse un número mínimo de persoas candidatas, tendo en conta a proximidade xeográfica.
- Requisitos mínimos de titulación ou experiencia que, no seu caso, deben cumprir as persoas candidatas. Se é o caso, as persoas candidatas deberán cumprir cos requisitos de titulación establecidos na normativa dos correspondentes certificados profesionais. Así mesmo, deben acreditar que posúen competencia docente mediante a posesión do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do Real decreto 659/2023.
- Número mínimo dos candidatos a remitir, debendo respectarse que, na medida do posible e como mínimo, sexan consideradas tres persoas candidatas por posto.
- Aquelas outras circunstancias que cada entidade promotora estime oportunas para o mellor desenvolvemento da sondaxe á vista das peculiaridades do proxecto formativo.

Realizada a preselección de candidaturas polas oficinas de emprego, a entidade promotora comunicará ás persoas candidatas a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos. No caso de que se contemple nas bases a realización dunha entrevista persoal, deberá comunicárselle ás persoas candidatas o lugar, data e hora na que esta terá lugar.

Na tramitación da oferta pola oficina de emprego participarán en igualdade de condicións as persoas demandantes de emprego non ocupadas e ocupadas sen prexuízo de que na selección realizada pola entidade promotora teñan preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego.

En todo caso, a entidade promotora deberá informar á oficina correspondente da finalización do proceso selectivo co fin de proceder ao peche da oferta correspondente.

10.-Publicidade da oferta de emprego

Se a entidade promotora así o acordase, despois de realizadas as actuacións que estime oportunas e remitida a oferta de emprego á correspondente oficina de emprego, poderá proceder a dar publicidade á dita oferta mediante a inserción dun anuncio nun dos diarios de maior tirada da provincia, sen prexuízo de que se empreguen outros medios que permitan unha maior difusión da oferta.

O dito anuncio será elaborado pola entidade promotora e o seu contido axustarase á oferta de emprego tramitada, debendo figurar ademais as referencias a Xunta de Galicia, á entidade promotora e, se procede, ao Sepe e á Unión Europea.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela

Xacobeo  2027



Os custos derivados da súa inserción e divulgación pola entidade promotora, serán aboados por ela e admitidos como xustificables dentro dos gastos de funcionamento do proxecto.

11.-Fases do procedemento selectivo.

Con independencia do sistema de admisión de candidatos utilizado por cada entidade promotora, o procedemento pode constar dunha parte subxectiva e outra obxectiva.

No caso de que conste dunha parte subxectiva, como é a entrevista persoal, esta debe ser realizada en primeiro lugar. Despois de rematadas todas as entrevistas, deben facerse públicas as puntuacións das mesmas no mesmo lugar onde foron realizadas as entrevistas, e na páxina web da entidade promotora.

A parte obxectiva, e que é obrigatoria, consiste na valoración de méritos dos candidatos.

Opcionalmente, a entidade promotora poderá establecer, unha fase na que se realizarán probas de aptitude e/ou coñecemento.

12. Entrevista persoal

No caso de que se realicen entrevistas e na forma previamente acordada pola entidade promotora, enviaráselles ás persoas candidatas preseleccionadas, unha carta na que se lles indicará o lugar, data e hora na que se deberán presentar para a realización da entrevista persoal. Se por algún motivo, algunha das persoas candidatas propostas non cumpre cos requisitos mínimos esixibles para poder optar a participar no obradoiro dual de emprego, así se fará constar pola entidade promotora.

A dita entrevista, que terá por finalidade determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, non será eliminatoria e corresponderalle unha puntuación equivalente ao 20% (no caso de que se practique algún tipo de proba ademais da valoración de méritos) ou 35% (se só se ten en conta a valoración de méritos) da puntuación total máxima do proceso selectivo.

13. Valoración de méritos.

No caso de que se realicen entrevistas, e despois de seguir o procedemento sinalado no punto anterior, procederase a valorar os méritos achegados polas persoas candidatas e que serán os previstos nas bases previamente aprobadas, e nas que deberán respectarse as previsións contidas no apartado número catorce.

14. Méritos que se valorarán

Os méritos, que se xustificarán mediante a achega de documentos orixinais ou copias compulsadas serán valorados por cada entidade promotora. Os ditos méritos estarán en función do



tipo e características da praza ou prazas convocadas e das peculiaridades de cada proxecto formativo, polo que será a entidade promotora a que concretará cales son os máis axeitados tendo en conta as ditas características e peculiaridades. Poderá incluírse, con carácter indicativo, entre outros os seguintes criterios, coa mesma ou similar definición:

- **Titulacións ou titulacións complementarias:** Valorarase posuír unha titulación académica ou unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no procedemento selectivo sempre que complemente ou estea relacionada coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado. Consecuentemente, no caso de esixirse unha titulación mínima unicamente se terá en conta para determinar a admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo, e non poderá ser obxecto de valoración posterior.
- **Experiencia profesional.** Valoraranse os períodos de meses completos de traballo, tanto por conta propia como allea, en postos relacionados coa especialidade formativa a impartir ou actividade a desenvolver no proxecto formativo. Tamén poderá valorarse a experiencia docente na materia.
Se as bases establecen un tempo mínimo de experiencia profesional e/ou docente para acceder ao proceso selectivo, o dito período condicionarán a admisión do aspirante á selección pero non poderá ser obxecto de valoración posterior.
- **Cursos realizados.** Deben estar relacionados coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado, tendo en conta que non serán valorados aqueles que teñan unha duración inferior a vinte horas lectivas nin os que na súa documentación acreditativa non figure a súa duración en horas.
- **Coñecementos do idioma galego.** Serán valorados aqueles cursos ou titulacións homologados pola Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.
- Poderase valorar positivamente que as persoas candidatas completaran na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia
- Non será esixible como requisito imprescindible senón como mérito a experiencia profesional aos formadores e formadoras para impartir docencia nos certificados de profesionalidade regulados con anterioridade á entrada en vigor do RD 659/2023, cando contén coa acreditación ou titulación requirida que figura en cada un dos reais decretos polos que se establece cada Certificado de profesionalidade.

15.- Probas de aptitude e/ou de coñecementos

Se a entidade promotora así o tivera previsto nas bases da convocatoria, e despois de realizado calquera procedemento subxectivo como é o caso da entrevista persoal, e a continuación da valoración de méritos realizarase unha fase de probas de aptitude e/ou coñecementos coa finalidade de avaliar as destrezas profesionais das persoas candidatas e a súa adecuación ao posto de traballo ofertado.

Ao rematar as probas, procederase á súa cualificación e as puntuacións outorgadas ás probas serán obxecto de exposición pública a través da colocación dun anuncio nos taboleiros antes indicados e na páxina web da entidade promotora.



Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións de dous ou máis candidatos son os que se establecen no apartado dezaseis.

16.- Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orden de prelación

- O maior tempo acreditado como desempleado
- Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- O de maior idade

17.- Puntuacións finais. Contratación

Finalizada a derradeira fase, a entidade promotora procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento.

As ditas puntuacións finais virán dadas pola suma dos puntos acadados en cada fase e determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes constituíndo a proposta para a súa posterior contratación pola entidade promotora.

A entidade promotora estará obrigada a contratar á persoa aspirante que obtivese a maior puntuación final.

No caso do persoal docente, unha vez elaborada a proposta do candidato ou candidata a contratar para o proxecto, a entidade promotora deberá remitila ao correspondente departamento territorial que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algún dos candidatos proposto non cumprira os ditos requisitos o departamento comunicarllo a entidade promotora para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. A contratación non se poderá facer efectiva en tanto as persoas seleccionadas non sexan validadas polo persoal técnico do departamento territorial, con independencia do sistema de selección empregado.

18.- Listaxe de reserva

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela

Xacobeo  2027



Rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do proposto para ocupar a praza obxecto da convocatoria. Esta listaxe empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co previsto nestas instrucións.

NOTA

A entidade promotora deberá remitir toda a documentación relativa ao proceso selectivo ao correspondente departamento territorial, a través do aplicativo FORMAN. Así mesmo, deberáse cumprimentar os datos das persoas seleccionadas no dito aplicativo. Para poder iniciar o proxecto deberán estar mecanizados, como mínimo, unha persoa do equipo directivo e un docente por grupo ou especialidade, que deberá estar validado polo persoal técnico do correspondente departamento territorial.

A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

Zeltia Lado Lago

